

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓNS

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía do Concello de Portas nº 251 de 18/07/2023 se otorgaron as seguintes delegacións:

Constituída a Corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o pasado día 17 de xuño de 2023 e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos resulta necesario conferir delegacións, dentro dos límites previstos no artigo 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establecen a relación taxada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos nos artigos 114 ao 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), así como o sinalado nos artigos 43 a 45 do mesmo texto legal, esta Alcaldía, en virtude das competencias que confire o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Outorgar aos Concelleiros/as que a continuación se indican as seguintes delegacións especiais, conforme ao artigo 43.5 b) do ROF e para a dirección interna e xestión dos servizos que a continuación se relacionan, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

- María Jesús Fontán Rodríguez: Igualdade, Benestar social e Emprego
- Ana María Peña Maqueira: Cultura e Turismo
- Christian Duarte Banco: Deporte e Xuventude
- Cristina Esperón Souto: Servizos, Vivenda e Solo
- Julia Tarrío Gens: Urbanismo, Obras e Medio Ambiente
- Alfonso Vázquez Reboredo: Contas e Educación



Mércores, 26 de xullo de 2023

Núm. 143

SEGUNDO.- A presente resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ao da súa sinatura, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 44.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados para a súa aceptación expresa ou tácita e dar conta desta Resolución ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.”

O Alcalde,

Ricardo Martínez Chantada

